

# PÁXINAS DE PONTEDEUME NA PRENSA GALEGA DA EMIGRACIÓN EN CUBA

Guillermo Llorca Freire

Entre os numerosos artigos publicados ó longo dos seis números de *Cátedra* soamente un, o de X. Brisset Martín: “Mariñáns na Guerra de Cuba”, está adicado ó estudio da presenza das xentes de Pontedeume en América. Penso que é un tema enormemente importante, pendente dun profundo estudio, e o que aquí se presenta non é máis que unha modesta aproximación ó fenómeno migratorio dos homes e mulleres das terras do Eume en Cuba. A documentación que amosamos foi recollida durante a miña estada na Habana, cando investiguei en diferentes arquivos a prensa galega da emigración, onde aparecen continuas referencias a este lugar e que falan por si soas da numerosa colonia de eumeses que ó longo dos anos viviu e traballou na illa caribeña e que recibía a través da prensa periódica unha constante información de canto acontecía no seu lugar de orixe.

É lóxico pensar que entre os milleiros de galegos que partiron dende o seu fogar a alén mar na procura dun mellor futuro, estaban numerosos paisanos da zona de Pontedeume que tamén foron levados pola penuria económica ás terras de Cuba coa esperanza de atopar unhas condicións de vida máis dignas. Moitos non lograron o seu obxectivo e outros non voltaron para contalo. Nas *Memorias* anuais publicadas polo Centro Galego da Habana<sup>1</sup> queda constancia dos eumeses que faleceron no centro sanitario de “La Benéfica”, entre eles, por citar algúns nomes concretos, Evaristo Fonte Vázquez, solteiro de 24 anos, que morre o 20 de febreiro de 1908 aqueixado polo mal de Bright; Antonio Otero Medín, solteiro de 36 anos, abatido pola cirrose hepática o 14 de agosto de 1910 e Juan Vidal Casal, casado de 47 anos, falecido de cancro o 17 de xullo de 1912.

As mesmas *Memorias* dan conta das numerosas publicacións periódicas do país ás que estaba suscrita a importante Biblioteca do Centro Galego e entre elas figura *El Eco de Pontedeume*.

## A SOCIEDADE DE INSTRUCCIÓN “HIJOS DE PUENTEDEUME Y SU COMARCA”

Entre a variada tipoloxía de asociacións de carácter étnico que nacen en Cuba – analizadas recentemente por Manuel Souto López<sup>2</sup>, sobresaen as sociedades educativas e de protección mutua,

---

1. *Centro Gallego. Memoria*, Habana, 2-II-1908, 6-II-1910, 4-II-1912.

2. SOUTO LÓPEZ, M. “O asociacionismo español en Cuba”, *Anuario Brigantino*, nº.21, Betanzos, 1998.

de carácter local ou comarcal, como a “Sociedad Protectora de los Hijos de Puentedeume y su Comarca residentes en las Américas”, que se constitúe na Habana en 1911, seguindo os pasos da pioneira de todas elas a “Alianza Aresana de Instrucción”, fundada en 1904. Como outras tantas que agroman por toda Cuba e Arxentina – magnificamente estudiaadas por Vicente Peña Saavedra<sup>3</sup>– tiña como principal obxectivo fundar escolas para eleva-lo nivel educativo dos nenos e nenas do partido xudicial de Pontedeume, sometidos como no resto de Galicia a altas taxas de analfabetismo.

O seu domicilio social estaba no Mercado de Tacón 45, anque o espléndido salón de reunións do Centro Galego vai se-lo escenario das súas periódicas xuntanzas. Un dos seus promotores e propagandista é Mariano Carrillo Cortizas, que en outubro de 1912 recibe do presidente, Juan José Roberes, un artístico diploma tralo acordo unánime da xunta directiva. O domingo 27 de abril de 1913 celébranse unhas novas eleccións para a xunta xeral, despois da renuncia do anterior presidente, e sae elixido Nicolás Pardo Cabezal, que aglutina unha candidatura composta con membros das dúas presentadas. Como presidente da Sección de propaganda figura José Regueiro e entre os obxectivos inmediatos, para o bienio 1913-14, planean a construción de planteis escolares, unha granxa agrícolá e un museo. En marzo de 1917 ten a presidencia Francisco Anca y Álvarez, mentres que Juan José Roberes ocupa a presidencia de honor. En outubro de 1922 o presidente é Eduardo Piñeiro. En 1934 a asociación cambia de nome e pasa a denominarse “Puentedeume y su Partido Judicial”. O derradeiro presidente de quen temos referencias era Pepe García Antón, a quen coñecín persoalmente e que faleceu durante a miña estada na Habana en xullo de 1997. Na actualidade o domicilio social está na zona do Vedado, anque ten unha pequena dependencia – xunto con corenta e oito sociedades galegas máis – nunha parte do antigo palacio do Centro Galego que, despois da revolución castrista, puido permanecer nas mans da numerosa colonia galega asentada na capital cubana.

Entre as diversas actividades que a Sociedade de Instrucción “Hijos de Puentedeume y su Comarca” desenvolveu na Habana ó longo da súa andaina figuran as romarías para celebra-lo patrón da Virxe das Virtudes, as festas nos salóns de “La Polar” e as xiras campestres, que se organizaban nos espléndidos xardíns de “La Tropical”, onde tódolos eumeses que sentían a saudade da súa terra tiñan ocasión de compartir un xantar, como o que se conta na crónica da revista Pro-Galicia<sup>4</sup>:

*“El menú, muy bien servido, se componía de lacón con cachelos d’e fraga d’o Conde; Ensalada de lechugas d’e Centroña; arroz con polo “Eumesa”; Peras e Pexegos de Boebre; Viño d’a Terra; Café y Tabacos”.*


Para remata-la xolda, amenizábase un baile con música galega ata as últimas horas da tarde.

3. PEÑA SAAVEDRA, V. *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*, A Coruña, Xunta de Galicia, 1991.


4. *Pro-Galicia*, Habana, XI-1912.

# STRAS SOCIEDADES

## UNION MUGARDESA




Un aspecto de los concurrentes al almuerzo que en "La Polar" celebró el pasado domingo, 24, la "Unión Mugardeza de Instrucción." No es difícil notar que uno de los mugardezes de más peso es el estimado compatriota Andrés Balsa, que fué invitado de honor en esa fiesta.



LOS DE PUENTEDEUME:—Selecto grupo de los hijos de Puente deume, que el domingo, 17 de Septiembre celebraron una fiesta que resultó espléndida.

Grupo de eumeses celebrando unha festa o domingo 17 de setembro de 1922, en *Eco de Galicia*, Habana, 1-X-1922.

Amais de comparti-la leducia, os membros da sociedade e as súas familias son soterrados, dende 1928, baixo un mesmo teito no panteón dos “Hijos de Puentedeume”, levantado no cemiterio Colón. Esta fermosa necrópole, obra do arquitecto ferrolán Calixto Loira, fora inaugurada oficialmente en 1872<sup>5</sup>. Na actualidade continúa prestando os seus servizos e está declarada Monumento Nacional.




Filios de Pontedeume na bendición do panteón social no cemiterio Colón, en *Eco de Galicia*, Habana, 2-II-1928.


5. LLORCA FREIRE, G. *Ferroláns en Cuba*, Pontedeume, Edicións Embora, 1997.

## ESCOLMA GRÁFICA E LITERARIA DA PRESENCIA EUMESA


Outro capítulo que se reflicte a cotío nas páxinas da prensa galega da emigración xermolada en Cuba son as variadas imaxes da vila do Eume, seguramente cargadas de nostalxia para moitos paisanos que dende a lonxanía da outra beira do Atlántico podían ollar algunhas mostras da súa arquitectura monumental e fermosos recunchos da súa terra natal. Velaí unha escolma delas:




Castelo de Andrade, *Eco de Galicia*, Habana, 29-IX-1918.



Mosteiro de Caaveiro, *Eco de Galicia*, Habana, 27-I-1924



Panorámica de Pontedeume, *Eco de Galicia*, Habana, 3-II-1923



Vista do peirao da vila, *Eco de Galicia*, Habana, 10-XI-1928

Non faltan tampouco as referencias a lendas e tradicións, como a que se recolle nas páxinas de *El Eco de Galicia*<sup>6</sup>, que fala dunha fermosa xove, dona das terras das beiras do Eume, que un día cando atravesaba o río nunha lixeira góndola, sorpréndea unha chea e a piques de afogar entrega a súa alma a Satanás; de aí a denominación da “Ponte do Demo” para explicar – erroneamente– o topónimo de “Pontedemo”.

Tamén se recollen crónicas de viaxes, como a que protagoniza o reporteiro do xornal madrileño *El Liberal*, que nunha mañá fresca e chuviosa de agosto de 1897 chega á vila de Pontedeume nunha dilixencia procedente de Ferrol. Así describe, nas páxinas de *El Eco de Galicia*<sup>7</sup>, as impresións da súa curta estada:

*“(…) Estoy almorzando en una posada, que cualquiera de los escritores dramáticos del siglo XVI debió tomar como tipo de los mesones de bambalinas. Con la diferencia de que, si entonces había en los tales lugares mucha paz y tranquilidad, en el de mi relato la turba constantemente un ejambre de chicos desarrapados que gritan a una como en un concierto coral :*

*¡Una perriña!*

*(…) Visitamos el Círculo Conservador (…) Allí se rinde culto al marqués de Figueroa.*

*Nos trasladamos al Círculo Liberal. Hay muchos socios leyendo los periódicos de Madrid.*

*Abandonamos el Círculo Liberal y recorreremos después la villa, admirando su magnífica iglesia parroquial del siglo XVIII, en donde fijó mi curiosidad un montón de calaveras, restos de cadáveres enterrados en los cimientos de la iglesia.*

*(…) La finca de D. Agustín Tenreiro. Lluve mucho y nos recogemos en un cenador artísticamente construido por la naturaleza y por obra de la jardinería moderna. En aquel sitio hizo Castelar una de sus más elocuentes invocaciones a Galicia.*

*(…) Anoche, y recuerdo que he sido invitado a oír el Orfeón de Puentedeume, que dirigen los señores D. Teolindo Rosado y D. Daniel Vizoso (…) Escucho con gran complacencia el “Regreso de la patria” y la “Alborada”, de Veiga.*


*Un pueblo que así canta, que así mezcla las faenas del trabajo, con los entusiasmos por el arte, que mira a la tierra nativa con lágrimas en los ojos, es un pueblo digno de que se le conceda protección y amparo; remedios eficaces a las desventuras que la ruín polítiquilla del lugar les proporciona.*

*¡“Regreso a la patria” ¡ Cuántos corazones gallegos, palpitarán de alegría al oír en lejanas tierras el eco de ese himno generoso para los emigrantes!”.*

Nas páxinas da variada prensa galega da emigración cubana lense, igualmente, diferentes artigos sobre un dos monumentos máis emblemáticos de Pontedeume, o castelo de Andrade, tal como reflicte a portada de *Galicia*:

6. *El Eco de Galicia*, Habana, 7-VII-1888.

7. *El Eco de Galicia*, Habana, 25-VI-1898.



Fundador: Vicenta Lopez Veiga Redacción y Administración: CUBA 43.—Teléfono 710 Director y Administrador: J. E. Cordeira

Precio de suscripción en la Isla de Cuba: cincuenta centavos plata española.—España y extranjero diez pesetas trimestre.—Comunicados y anuncios ó precio de tarifa.—Los pagos deben hacerse adelantados.

La Redacción publicará todos aquellos trabajos de colaboración que se identifiquen con el carácter y el programa del periódico, sin que se devuelvan los originales que por alguna razón no pudieran insertarse.

## CASTILLO DE ANDRADE


Sobre las tumbas nacen flores; sobre el desolado y triste montón de ruinas, testigo de glorias pasadas, alza el hombre grandiosos monumentos, heraldos de su poder presente. Así es el eterno é inmutable principio que rige la vida! De las cenizas del ayer ha nacido el hoy, y de este brotará el mañana.

Apagados los sonos de las liras que cantaron las proezas de otros siglos, suspirados sus ojos borbos para lamentar las edades modernas, del oscuro lecho del troglodita provino el fastuoso trono del monarca, de la misera cabaña del salvaje brotó el glorioso edificio del cristiano, y en las cenizas de un mundo abyecto engendróse otro mundo lleno de luz y de colores.

Deslumbra hoy la mirada del viajero, al visitar las históricas ciudades ó al atravesar los fértiles campos de la inmortel Galicia, el templo vestido cuyas torres elevadas perpetúan con sus formas el espíritu de otras generaciones y edades, ó el castillo gigantesco que se levanta soberbio, desafiando á los tiempos, cual genio poderoso que guarda el santuario de una tradición feliz.

Las continuas marcadas de los años, y con ellas el inalterable progreso de las ideas, han creado nuevos templos, donde suena sin cesar el canto hermoso de la civilización, cuyos ecos recorren los ámbitos del mundo, pero hubo algo que la mano del hombre respetó; sin duda porque ese algo es el lecho de flores en que descansan las páginas de su historia.

Llor eterno al progreso, pues en su carro de luces caminamos hacia un mañana feliz; pero gócese nuestra mirada, solócese nuestro espíritu admirando algún recuerdo grandioso de otra edad, porque eso hace brotar del corazón un sentimiento de amor filial, tal vez el más grande, el más sublime de los sentimientos humanos.



Una torre que se alza imponente sobre la cima de un monte ó que surge majestuoso de entre el verdor de una campiña, no es á nuestros ojos más que una torre, conjunto de materiales reunidos y labrados por la mano del obrero; pero, penetremos en su recinto, interroguemos á sus muros; dejemos que el pensamiento vague por sus oscuros rincones, y veremos escrita en cada piedra una palabra, esculpida en cada almena, una fecha importante.

Y esas almenas, y esas piedras, lavadas tal vez por la sangre del guerrero ó las lágrimas de la doncella, son los testigos fieles, aunque mudos, de la gran epopeya de los años con sus dramas y tragedias, con sus muertes alegres y sus secretos dolores; son algo así como las tumbas en que durmen sueño eterno los grandes redentores del genio.

¡Unas ruinas! Hay algo más grande y elocuente que el informe montón de escombros, que se destaca cual enorme peñasco en medio de un mar de vegetación espléndido! Hablen las dol Castillo de Andrade.

¡Oh! si en medio de sus destruidas paredes hubiese Dios colocado una lira, ¡qué de cantos hermosos hubiera dejado oír por los serenos y apacibles bosques de Galicia! ¡cómo hubieran resurgido las gloriosas tradiciones que duermen el profundo letargo del olvido! ¡cuántas dramáticas escenas, envueltas en el albo sudario de la leyenda, ó doradas por el color visivino de la Historia, hubieran vuelto á la vida para elevarse en versos sonoros ó en luminosas pinceladas!

Guerras sangrientas, odios inextinguibles, amores contrariados, anhelos incumplidos, pasiones delirantes, tristezas infinitas, llantos acerbos, pesares insufribles, venganzas monstruosas, goces inefables, alegrías profundas, ensueños venturosos, ilusiones doradas; todo en revuelto torbellino, presentárase de nuevo á la faz del mundo, entonando him-

O castelo de Andrade na primeira do semanario Galicia, Habana, 3-I-1904

Son frecuentes tamén as referencias poéticas á vila natal, que, seguramente, espertarían dende a lonxanía emotivas sensacións de lembranza, como aquela que leva por título “Puentedeume”, aparecida nas páxinas de *Follas Novas. Periódico regional*<sup>8</sup> e asinada por Constantino Fernández en novembro de 1905 :

*“Álzase en medio de gentil paisaje  
Coqueta es, el Eume la enamora,  
La besa el sol al despertar la aurora  
Y, hasta la mar le envía su oleaje.  
Del arte revestida con el traje  
Es como Helena, bella encantadora  
Son tales los hechizos que atesora  
Que otra no hay que en linda la aventaje  
¡Puentedeume! si yo nacido hubiera  
Aunque fuese a tu lado en la montaña  
El más dichoso de este mundo fuera,  
Pues quien te vé una vez se desengaña  
De que eres tú, cual flor de primavera,  
La villa más feliz de nuestra España”.*

Lense a cotío semblanzas de persoeiros, fillos ilustres da vila dos Andrade, como a que se adica ó mariño Juan Sanjurjo Montenegro, natural de Boebre, recollida pola revista *Follas Novas*<sup>9</sup> e escrita por Camilo Riquer.

Non faltan tampouco os escritos de crítica e denuncia, como a primeira crónica que envía, co título de “Desde el Eume”, o correspondente de “Galicia Gráfica”, G. de Andrade, o 15 de xullo de 1913<sup>10</sup>:

*“En esta villa todo permanece estacionario, gracias a las pésimas atenciones que le presta nuestro ayuntamiento. Este, como casi todos los que le han precedido, sólo se ocupa de aquellos asuntos que directamente atañen a los intereses individuales de nuestros ediles : los del pueblo, los sagrados intereses del pueblo, están a merced del caciquismo imperante que los maneja a su antojo (...).  
Cuando los buenos patriotas redoblaban sus esfuerzos en pro de la inauguración del ferrocarril Betanzos-Ferrol, ¿qué creéis vosotros hacía el ayuntamiento de Puentedeume? Pues daba contracorriente; esto es, se oponía; hacía todo cuanto*

---

8. *Follas Novas*, Habana, 3-XII-1905.

9. *Follas Novas*, Habana, 5-IV-1908.

10. *Galicia Gráfica*, Habana, 9-VIII-1913.



*estaba a su alcance para que no se inaugurara, porque le parecía que un pitazo de la moderna locomotora sería algo así como la trompeta del progreso que invitaría a nuestro sufrido pueblo a la rebelión.*

*Baste con decir que no tenemos en esta villa ni un sólo parque donde expansionar el espíritu en estas tardes de verano. Y no es por la pobreza de nuestro ayuntamiento, pues las pesetas corren a miriadas, que se evaporan, desaparecen sin que se pueda conocer el destino que nuestro ayuntamiento pueda darles.*

*Si echamos una mirada por estas calles, adoquinadas a medias, notamos un abandono espantoso; la mayor parte de los edificios han sido pintados una sola vez, cuando los levantaron allá por los primeros años del siglo pasado (...)*

Os eumeses de alén mar escoitaban, igual que o latir da vida municipal, os ecos da guerra de Marrocos, que causaba vítimas e feridos entre parentes e veciños, tal como relata Juan C. Amado na súa crónica enviada ó *Eco de Galicia*<sup>11</sup>:

*“La guerra de Marruecos es el tema de todas las conversaciones. No se habla más que de Marruecos y de los infelices soldados que allí mueren en nombre del sacro -santo amor a la patria. Pocas, pocas son las familias que allí no tienen algún deudo. ¿Y de qué otra cosa se ha de hablar, sino del peligro que corren los pobres “filliños”?*

*(...) Este año, como los anteriores, se celebraron en este pueblo las tradicionales fiestas en honor de la Virgen de las Virtudes y de San Nicolás de Tolentino. No hubo, claro está, el calor y el entusiasmo de los años anteriores, sin embargo hubo bastante animación (...).*

*De no ser por la guerra, que ensombrece y enluta al pueblo, hubiera sido algo nunca visto aquí las fiestas estas (...)*

En resumo, esta escolma de páxinas escritas na prensa galega da emigración en Cuba, como outras moitas aínda por recuperar, é unha mostra da fluída e periódica comunicación que mantiñan -tamén mediante relación epistolar- as xentes de Pontedeume dende unha á outra beira do Atlántico.

---

11. *Eco de Galicia*, Habana, 5-XII-1921.

## **PRENSA CUBANA CONSULTADA**

*Centro Gallego. Memoria*, 2-II-1908, 6-II-1910, 4-II-1912.

*Eco de Galicia*, 29-IX-1918,5-XII-1921,1-X,5-XI-1922, 3-II-1923, 27-I-1924,  
2-II-1928, 10-XI-1928.

*Eco de Galicia*, El, 7-VII-1888, 25-VI-1898.

*Follas Novas*, 3-XII-1905, 5-IV-1908.

*Galicia*, 3-I-1904, 31-III-1917.

*Galicia Gráfica*, 9, 30-VIII,-1913.

*Patria Gallega*, La, 3-V,7,14-VI,13-VII-1913.

*Pro-Galicia*, XI-1912.

*Suevia*, 8-IX-1912